

BANDO

O Concello de Ponteceso informa, para todos aqueles veciños e veciñas que desexen celebrar a noite de San Xoán cunha lumeirada, cachela ou sardiñada, ademais da lexislación vixente, lembrámoslles os seguintes consellos de seguridade:

RECOMENDACIÓNS XERAIS:

A realización de sardiñadas e lumeiradas en vías ou espazos públicos deberán respectar as evidentes medidas de seguridade:

- Non entorpecer o tránsito de persoas e vehículos.
- Non realizalas preto das casas ou de masas arbóreas para evitar a propagación do lume
- Recoméndase utilizar envases de plástico en lugar dos de vidro. Estes últimos estarán totalmente prohibidos nos areais.
- Os organizadores deberán asegurarse de que os lumes e rescoldos estean completamente apagados antes de retirarse do lugar. O día seguinte deberán deixar o lugar no estado anterior a cachela, limpo de desperdicios de madeira, cinzas e outros restos.
- Medios de extinción útiles preto da cachela como batelumes, mangueriras ou extintores.

CONSELLOS BÁSICOS EN CASO DE QUEIMADURAS:

- **Afastar a vítima da fonte de calor.**
- En caso de ter a roupa queimada , **non retirarlle** .
- Se a roupa da vítima está en chamas **intentarase apagar cubríndoa cunha manta ou facéndoa rodar polo chan**, preferentemente por unha zona areosa. **Impedir que a vítima corra.**
- **Arrefriar a zona afectada con auga..**
- **Alertar** os servizos de urxencia, se foren queimaduras importantes.
- **Non** usar pomadas, non romper ampolas, non utilizar xeo nin auga xeda para arrefriar a queimadura e non cubrir con apósitos adhesivos nin algodón.
- É recomendable que toda queimadura reciba atención médica, salvo que o seu diámetro sexa inferior a 2 cm.

EN CASO DE EMERXENCIA

